REUNIÓN DA COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 20.01.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de xaneiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección da vicepresidencia da Comisión.

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

2909 (10/POC-000442)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a actividade de extracción do percebe
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

3.1 565 (10/PNC-000026)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión de modificar os coeficientes redutores da idade de xubilación para as tripulacións dos buques que pescan en augas internacionais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016

3.2 1610 (10/PNC-000167)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de fomentar, visibilizar e pór en valor o traballo das mulleres na pesca e no marisqueo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016

3.3 1893 (10/PNC-000204)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas medidas adoptadas pola Garda Civil no porto de Aguiño respecto de tres embarcacións dedicadas á extracción de percebe por non axustarse a

potencia dos seus motores á que figura nas súas documentacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias	P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo	EM

Vogais

Francisco Casal Vidal	EM
Teresa Egerique Mosquera	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Enrique López Crespo	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
José Alberto Pazos Couñago	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Daniel Vega Pérez	P

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo
Día: 20.01.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1. Elección da vicepresidencia da Comisión.

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo
Día: 20.01.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 2909(10/POC-000442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a actividade de extracción do percebe

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 2909
Data envio: 03/01/2017 16:47:29.295

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Dolores Toja Suárez,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A actividade de extracción do percebe está regulada de forma que se consideran dúas vías para a extracción: a flote e a pe. Esta regulación atópase explicitada na Orde do 30 de decembro de 2015, de regulación de explotacións dos recursos específicos (DOG, xoves 21 de xaneiro de 2016).

Existe inquietude nos colectivos de percebeiros e percebeiras sobre a interpretación desta regulación acerca da súa actividade. Estanse a dar casos que impiden, de maneira aparentemente discrecional, o exercicio da actividade a moitos traballadores e traballadoras da extracción do percebe, tanto dos que o fan a pe como a flote. Nalgúns dos casos estanse a recibir advertencias escritas, que indican incumprimento da propia orde antes citada, sen explicitar en qué cuestión, punto ou apartado.

Existen algúns casos específicos onde estas situacións afectan a grandes conxuntos de percebeiros e percebeiras, que se atopan nunha situación de inseguridade polas circunstancias, sen coñecer con exactitude o que ocorre e todo dentro dunha época de especial relevancia para o sector como o mes de decembro e semanas previas ao Nadal. Un caso exemplar desta situación é o ocorrido na Confraría de Pescadores A Anunciada de Baiona, onde a maioría do colectivo está sendo impedido de saír a traballar.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego de que se estea impedindo exercer a actividade de extracción a algúns percebeiros/as durante estas últimas semanas?

2. Que valoración fai o Goberno galego de que se estea impedindo exercer a actividade de extracción a algúns percebeiros/as durante

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 2909
Data envio: 03/01/2017 16:47:29.295

estas últimas semanas sen fundamentar unha base regulamentaria para elo?

3. Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia das advertencias escritas que están a recibir algúns percebeiros/as con fundamentacións xenéricas sen especificar cal é o suposto incumprimento da regulación que cometen?

4. Considera a Xunta de Galicia que as confrarías están exercendo de maneira correcta as súas funcións e con arranxo á lexislación existente no caso da extracción de percebe?

5. Considera a Xunta de Galicia que a lexislación existente ampara o impedimento de exercer a labor de extracción do percebe a algúns percebeiros/as polas súas prácticas actuais?

6. Ten previsto a consellería reformular a normativa existente para impedir o nado entre as accións permitidas aos percebeiros/as de a pe? E para os de a flote?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2017 16:42:18

María Dolores Toja Suárez na data 03/01/2017 16:42:23

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo
Día: 20.01.2017 Hora: 10:30
Orde do día

3.1 565(10/PNC-000026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión de modificar os coeficientes redutores da idade de xubilación para as tripulacións dos buques que pescan en augas internacionais

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:56
Nº Rexistro: 565
Data envio: 02/11/2016 10:56:09.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Xosé Luís Rivas Cruz**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa á decisión inxusta do Goberno español de minorar os coeficientes redutores da idade de xubilación.

O Real Decreto 1311/2007, de 5 outubro establecía novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, dun modelo instaurado nos anos 70 para a Mariña Mercante que se baseaba en aplicar un coeficiente redutor na idade de xubilación en función da zona que navegase o barco. Zonas que viñan reguladas a través dunha Ordenanza de Traballo da Mariña Mercante do 20 de maio de 1969.

Este vello modelo, completamente desfasado, tivo que ir modificándose para actualizar os coeficientes redutores aplicábeis á pesca, incluíndose novas actividades que estaban excluídas como o marisqueiro, os percebeiros, bateeiros, etc. Este criterio caduco foi substituído por un novo baseado no tipo de buque, sen chegar aínda ao fondo da cuestión: o dereito a reducir a idade mínima de xubilación naquelas actividades profesionais de natureza penosa, tóxica, perigosa e insalubre nas que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como aquelas que impliquen unha continua separación familiar e alonxamento do fogar.

Aínda así, con esta nova normativa até finais do 2015, a frota galega que faena en augas internacionais (cefalopodeiros, palangreiros, arrastreiros, etc) estaban considerados

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:56
Nº Rexistro: 565
Data envio: 02/11/2016 10:56:09.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"conxeladores" polo que se lles aplicaba o coeficiente máximo de 0,40. Isto é, que con 25 anos enrolado un tripulante tería dereito a se xubilar aos 55 anos.

O pasado ano, o Goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento), a través dunha orde interna, modificou a aplicación destes coeficientes, de xeito que agora unicamente considera buques "conxeladores" aquelas embarcacións que teña una eslora de máis de 70 m e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques "fresqueiros" sen teren en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin as condicións de vida a bordo, aplicándoselles unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia unha absoluta miopía por parte deste departamento de "secano", pois a nosa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte e Ártico.

Esta medida afecta basicamente á Galiza, primeira potencia pesqueira do Estado, e cun tipo de frota que é, "curiosamente", a que resulta penalizada. Con esta medida vense afectados os traballadores da frota palangreira, a frota cefalopodeira e o resto da frota arrastreira que non alcance as novas condicións establecidas por Madrid con independencia de que pesque nas Malvinas, en NAFO ou en calquera outro mar do mundo. Prexudícase así a milleiros de mariñeiros galegos que verían aumentada a súa vida laboral e sufrirían unha grave discriminación a respecto daqueles buques que cumpran as condicións de tamaño: atuneiros e algúns arrastreiros de fondo, que verán como desenvolvendo a mesma actividade, no mesmo caladoiro e en peores condicións de habitabilidade, verán diminuídos os seus dereitos de xubilación polo tamaño do barco. Esta decisión do Goberno español resulta inasumíbel e surrealista para os tempos que corren.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:56
Nº Rexistro: 565
Data envio: 02/11/2016 10:56:09.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na comisión 8ª:

"O Parlamento de Galiza mostra o seu apoio ás tripulacións embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e insta ao Goberno galego a reclamar do Goberno español e do Ministerio de Fomento:

- A retirada da orde interna da Dirección da Mariña Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.

- Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40.

- Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade , sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.

- Solicitar o cese do Director Xeral da Mariña Mercante por incompetente e por descoñecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos.

- Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polos sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015."

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:56
Nº Rexistro: 565
Data envio: 02/11/2016 10:56:09.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luís Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 10:44:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 10:44:51

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 10:44:58

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 10:45:04

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 10:45:08

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 10:45:20

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo
Día: 20.01.2017 Hora: 10:30
Orde do día

3.2 1610(10/PNC-000167)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de fomentar, visibilizar e pór en valor o traballo das mulleres na pesca e no marisqueo

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2016 10:50
Nº Rexistro: 1610
Data envio: 25/11/2016 10:50:57.203

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión,** referida ao fomento, visibilización é posta en valor do traballo das mulleres na pesca e o marisqueo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo datos de EUROSTAT, as mulleres representaban o 12 % do emprego na pesca e a acuicultura no 2012 (Unión Europea 27 mais Croacia), sendo o 28% do emprego total na acuicultura e o 57 % na transformación. Mentres, o emprego feminino na pesca (captura) movíase entre o 1% é o 2% segundo os países.

As mulleres desenvolven un destacado papel en todas as actividades da pesca e da acuicultura. Pero esta enorme achega ao sector non foi recoñecido historicamente na súa xusta medida.

Por iso é imprescindible avanzar na igualdade e no recoñecemento dos dereitos laborais das mulleres. Queda moito traballo para conseguir unha plena integración, e é por iso que tanto as administracións, entidades corporativas e empresas vinculadas á pesca deben apoiar o cumprimento deste obxectivo.

É necesario poñer de manifesto a importancia do papel económico, social e cultural das mulleres na industria pesqueira para que teñan acceso aos beneficios sociais. A participación activa das mulleres nas distintas actividades relacionadas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2016 10:50
Nº Rexistro: 1610
Data envio: 25/11/2016 10:50:57.203

coa pesca contribúe ao mantemento e supervivencia do sector pesqueiro, por unha banda, e, por outra, das prácticas específicas máis sustentables.

Débese conceder un maior recoñecemento xurídico e social e unha maior recompensa ao papel que desempeñan as mulleres no sector pesqueiro, e os mesmos dereitos que os homes.

Moi en concreto, e dado que o capital das empresas pesqueiras está constituído cada vez máis por títulos inmateriais, como os dereitos ou oportunidades de pesca, que a miúdo se asignan nominalmente ao pescador ou ben ao barco que poucas veces se declara en copropiedade entre os membros do matrimonio, é necesario recoñecer a contribución na empresa ás mulleres e parellas de feito para que non se vexan a privadas de dereitos sobre o valor do equipo de produción en caso de divorcio ou falecemento da súa parella.

É necesario fomentar e reforzar a participación efectiva das mulleres nos órganos consultivos, decisorios e representativos, así como nas confrarías, garantindo o súa participación na toma de decisións tanto no sector público como privado en igualdade de condicións cos homes.

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) é a Política Europea Común aspiran a promover o papel das mulleres e a igualdade de xénero no sector da pesca. Pero iso non será posible sen a implicación activa das autoridades rexionais con competencias na materia, expondo a igualdade de xénero, como tal, nos obxectivos dos programas operativos.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que realizar accións en favor dos dereitos e para mellorar a integración das mulleres

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2016 10:50
Nº Rexistro: 1610
Data envio: 25/11/2016 10:50:57.203

na pesca e o marisqueo. A este fin, **En Marea** presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Garantir ás mulleres o acceso aos beneficios derivados da asignación de dereitos de pesca, ademais da propiedade do barco.

- Mellorar a calidade das estatísticas galegas en materia de emprego das mulleres, para poder identificar mellor o lugar que ocupan no sector pesqueiro (captura, acuicultura e industria da transformación). Introducindo nos estudos do sector indicadores sociais que permitan cuantificar a contribución dos membros non remunerados das familias de pescadores na actividade da empresa.

- Apoiar, a través dos Fondos Estruturais Europeos, ás mulleres e organizacións de mulleres que desexen agruparse nunha rede.

- Facilitar o acceso das mulleres e as súas organizacións ás estruturas e procesos de toma de decisións en relación co sector da pesca, tanto as de proximidade como as confrarías, como ás dependentes de iniciativas da UE.

- Fomentar a adaptabilidade dos buques para acoller a tripulacións mixtas, debido aos espazos reducidos de convivencia. Necesitándose un maior apoio das administracións para que os empresarios poidan acometer as reformas necesarias.

- Reforzar e facilitar con políticas activas a incorporación das mulleres no proceso formativo do sector pesqueiro para aumentar dita participación. Promovendo cursos do sector dirixidos expresamente ao sector feminino, como o curso de mariñeiro-pescador.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2016 10:50
Nº Rexistro: 1610
Data envio: 25/11/2016 10:50:57.203

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Implantar programas e normativas que favorezan a inserción da muller e programas de igualdade de xénero para as tripulacións.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Deputado do GP de En Marea
Luís Villares Naveira
Portavoz do GP. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 25/11/2016 10:17:58

Luis Villares Naveira na data 25/11/2016 10:18:11

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo
Día: 20.01.2017 Hora: 10:30
Orde do día

3.3 1893(10/PNC-000204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas medidas adoptadas pola Garda Civil no porto de Aguiño respecto de tres embarcacións dedicadas á extracción de percebe por non axustarse a potencia dos seus motores á que figura nas súas documentacións

Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 16:39
Nº Rexistro: 1893
Data envio: 01/12/2016 16:39:10.512

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños** e **Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á posición do Goberno galego diante das desproporcionadas medidas levadas a cabo pola Garda Civil no porto de Aguiño, entre as que están decomisar tres embarcacións do percebe por utilizar motores con maior cabalaxe, para garantir maior seguridade no desenvolvemento da súa actividade, que o que figura na documentación da embarcación.

Volve ser motivo de preocupación e alarma social a situación de numerosas embarcacións que quedaron sen regularizar polos diferentes procedementos levados a cabo dende a Lei 9/2007, de 22 de xuño, e que tivo a súa macabra visualización nas actuacións levadas a cabo pola Garda Civil, na porto de Aguiño ao proceder a decomisar tres lanchas que se adican á extracción de percebe. Quedando os seus titulares imposibilitados de poder traballar e sobrevivir por unha falta administrativa e por unha inadaptación da potencia dos motores que vai en detrimento da seguridade da actividade, dun mellor e máis seguro acceso ao recurso, repercutindo directamente na seguridade e mellorando as medidas de auxilio e salvamento da propia tripulación, pero sobre todo que é unha medida que non ten incidencia ningunha no esforzo pesqueiro, dado que o mesmo está regulado mediante unha cota diaria.

Unha norma que pretende actualizar a inscrición no rexistro de buques, no caso de cabalos e GT´s, establécese a través da aportacións de baixas, escasas neste momento

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 16:39
Nº Rexistro: 1893
Data envio: 01/12/2016 16:39:10.512

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se ten convertido nun negocio especulativo, ao cal os mariñeiros non están dispostos a pagar cantidades abusivas para intentar regularizar a potencia das súas embarcacións, imprescindible para poder traballar con dignidade en actividades como o percebe.

Unha normativa que leva moitos anos intentando regularizar o sector pero que malia as últimas modificación de tolerancia de CV e GT´s quedaron excluídos moitas embarcacións por estar incluídas en procesos de regularización anteriores, por teren desistido do procedemento establecido a través da Lei 9/2007 ou por non ter a oportunidade de iniciar a tramitación dado a complexidade e o excesivo burocratismo deste procedemento.

Un procedemento que se eterniza, que non acaba de comprender a realidade e as necesidades da flota galega e que antepón o concepto de administración centralista a axilidade administrativa e a necesidade de solucionar os problemas do sector dunha vez. Neste contexto encontrámonos coa actitude da propia da Xunta de Galiza que renuncia a reclamar as competencias propias en ordenación do sector, que fai o papel sucursalista, delegando en Madrid as decisión, sen que esta desenvolva nin unha iniciativa por buscar alternativas, a pesares das diversas iniciativas trasladas a este Parlamento para buscar solución as principais problemáticas que está a sufrir, sobre todo as pequenas embarcacións que desenvolven unha actividade regulada e controlada. A Xunta nada fixo para impedir tanta burocracia máis alá que marear papeis.

A última actuación esta da Garda Civil, que se atreve a requisar tres embarcacións por non se axustar o cabalaxe ao que figura na documentación. Unha medida desproporcionada que impide que os traballadores do mar poidan contar coa súa ferramenta imprescindible para poder conseguir o seu sustento diario.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 16:39
Nº Rexistro: 1893
Data envio: 01/12/2016 16:39:10.512

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Comunicar ao Subdelegado do Goberno a súa queixa polas actuacións desproporcionadas levadas a cabo pola Garda Civil no porto de Aguiño de decomisar tres embarcacións do percebe por utilizar motores con maior cabalaxe que o que figura na documentación da embarcación, para garantir maior seguridade no desenvolvemento do seu traballo, impedíndolles a súa actividade.

-Realizar de inmediato todas as actuacións precisas que permitan a regularización en canto a cabalaxe das embarcacións pendentes que quedaron fóra do procedemento impulsado pola Lei 9/2007."

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 16:39
Nº Rexistro: 1893
Data envio: 01/12/2016 16:39:10.512

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/12/2016 16:37:27

Olalla Rodil Fernández na data 01/12/2016 16:37:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/12/2016 16:37:38

Noa Presas Bergantiños na data 01/12/2016 16:37:42

Xosé Luis Bará Torres na data 01/12/2016 16:37:45

Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2016 16:37:49